



Asociación Cívico-Cultural
TERRA DE OUTES

Estimadas socias e socios:

Pola presente convocámosvos á vindeira **Asemblea Xeral ORDINARIA** da nosa asociación, que terá lugar o sábado 19 de xaneiro de 2018, ás 12:00 horas, en primeira convocatoria, e 12:30 horas, en segunda convocatoria. A asemblea terá lugar no noso local social de Outes (lugar de Outes), coa seguinte orde do día:

- Punto 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- Punto 2º.- Memoria de actividades do 2018 e plano xeral de actividades para o 2019.
- Punto 3º.- Estado de contas e balances do exercicio anterior.
- Punto 4º.- Cota anual (con actualización e confirmación de socias/os).
- Punto 5º.- Rogos e preguntas.

Unha vez rematadas as asembleas (mandamos convocatoria doutra, extraordinaria e moi breve, para ese mesmo día), teremos nese local social un **xantar**, ás 14:00 horas, a base de mexilóns e polbo. Para acudir ao mesmo é preciso que confirmedes a vosa asistencia –e digades se ides traer acompañante/s– antes das 21:00 horas do martes, 15 de xaneiro, no teléfono 634 416 574 ou no enderezo electrónico terradeoutes@gmail.com. O prezo por persoa estará entre os 15 e 20 euros (menores de 18 metade de prezo e menores de 10 anos 5 €).

Se acaso vos fose imposible asistir á comida, pero non tedes impedimento para asistir á **presentación do nº 45** da revista *Terra de Outes*, esta terá lugar despois do xantar, aproximadamente ás 17:00 horas, no mesmo local, onde estades todos/as invitados/as a tomar un café.

Desexándovos un bo ano, despídese atentamente

O Secretario

Ramón Blanco Fernández

En Outes, a 2 de xaneiro de 2019